

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Convocatoria pública para cubrir a vacante de xuíz/a de paz titular do Concello de Neda

ANUNCIO

Expedientes: 2024/E001/000003

En cumprimento do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 05.08.2024, faise pública a convocatoria para cubrir a vacante de xuíz/a de paz titular deste municipio, que se rexerá polas seguintes bases:

- a) **Requisitos dos candidatos.** Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- b) **Presentación de candidaturas.** As persoas interesadas en optar ao cargo presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, **no prazo de quince días hábiles** a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia.
- c) **Documentos que se achegarán á solicitude:**
 - Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
 - Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculcado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
 - Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo de Xuíz de Paz.
 - Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo.
 - Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.

Neda, 6 de agosto de 2024.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Ángel Alvariño Saavedra.

2024/5666